

## ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)

### ARTIGO 1º.-

De acordo co establecido nos artigos 59.b do RDL 02/2004 do 05.03 (T.R.L.R.F.L.) texto refundido lei reguladora de facendas locais e disposicións regulamentarias que as desenvolven, este imposto será de esixencia obrigatoria neste municipio, sendo as cotas mínimas as establecidas pola Lei 22/1993, do 20.12, de medidas fiscais..., e as sucesivas leis do orzamento xeral do estado.

### ARTIGO 2º.-

En aplicación do artigo 87 do RDL 2/2004 (T.R.L.R.F.L.) da Lei 39/88, as cotas ás que se refire o devandito artigo serán determinadas mediante aplicación sobre as mesmas dun coeficiente único de 0,8.

### ARTIGO 3º.- EXENCIONS E BONIFICACIONS.-

1. Bonificación do 40% durante os 5 primeiros anos, da cota tributaria integrada pola cota de tarifa modificada, no seu caso, pola aplicación do coeficiente e do índice de situación, para aqueles que inicien calquera actividade empresarial e tributen por cota mínima municipal, e sempre que a actividade económica non se exercera anteriormente baixo outra titularidade.
2. Ídem. anterior, e que obtiveran a cualificación de ILE expedida pola Xunta de Galicia, a bonificación da cota tributaria será do 50%.
3. Carácter rogado da bonificación, que se tramitará a petición de parte interesada ante este concello e cun prazo mínimo de 15 días antes do inicio da actividade.

### DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez transcorrido o prazo que sinala o artigo 17 do RDL 2/2004 TRLRFL, dende o día da súa publicación no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

DILIXENCIA.- Para facer constar que a modificación do Anexo, correspondente á ordenanza fiscal reguladora do/a IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS foi aprobado, inicialmente, en sesión Plenaria de data 31.10.2006 Exposto ó público, para os efectos de alegacións-reclamacións: no taboleiro de edictos desta Casa Consistorial, con data 02.11.2006, no BOP nº 220 de data 17.11.2006 quedando definitivamente aprobado e publicándose o texto íntegro da súa modificación no BOP nº 14 de data 01/01/2007, data da súa entrada en vigor. Tal, 20 de Xaneiro de 2007  
O SECRETARIO - O INTERVENTOR

The following table shows the results of the experiment. The first column shows the number of trials, the second column shows the number of correct responses, and the third column shows the percentage of correct responses.

Number of trials	Number of correct responses	Percentage of correct responses
10	7	70%
20	14	70%
30	21	70%
40	28	70%
50	35	70%